

Á Mesa da Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias de seus ex directivos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz, presenta ante esa Mesa a seguinte proposta de Plan de traballo da Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias de seus ex directivos

PLAN DE TRABALLO

1. FASE DE SOLICITUDE E ANÁLISES DE DOCUMENTACIÓN E INFORMES SOLICITADOS.

1.1- Solicitud de documentación e informes.

Se solicita a remisión a maior brevidade posible, cunha pronta tramitación no tocante a súa petición, da seguinte documentación:

- ✓ Copia de Auditoría elabora por KPMG a instancias da Xunta de Galicia sobre a viabilidade da fusión das caixas galegas, así como a documentación completa do seu proceso de contratación.
- ✓ Copia das actas das asembleas xerais, consellos de administración e comisións de control das entidades obxecto da Comisión, durante os últimos sete anos.
- ✓ Copia das actas dos consellos de administración non incluídas no punto anterior onde se aprobase as emisións de participacións preferentes ou débeda subordinada.
- ✓ Copia das Auditorías das entidades obxecto da Comisión, durante os últimos sete anos.

 Grupo Parlamentario

- ✓ Copia dos informes ou comunicacións entre as entidades obxecto da Comisión e o Banco de España e relacionados co obxecto da Comisión, incluíndo os informes do Banco de España de valoración das entidades obxecto da Comisión.
- ✓ Relación de persoal directivo que, durante os últimos sete anos, cobraron calquera tipo de indemnización no momento do abandono das entidades obxecto da Comisión, con expresión individualizada da súa contía e xustificación.
- ✓ Relación de persoal directivo que ten en vigor calquera tipo de indemnización no caso de abandono da entidade resultante da fusión das caixas galegas, con expresión individualizada da súa contía e xustificación.
- ✓ Retribucións totais percibidas polos membros dos órganos de goberno e dos equipos directivos das entidades obxecto da Comisión durante os últimos sete anos, incluída no seu caso calquera clase de indemnización.
- ✓ Relación de créditos e préstamos outorgados polas entidades obxecto da Comisión a membros dos seus órganos de goberno ou ás empresas onde aqueles tiveran calquera xeito directo ou indirecto de participación, indicando as súas principais condicións (tales como contía, tipo de xuro, prazo de amortización, nivel de cumprimento das obrigas, etc...) e realizadas durante os últimos sete anos.
- ✓ Relación de membros nos consellos de administración das sociedades participadas polas entidades obxecto da Comisión durante os últimos sete anos, indicando as contías das súas retribucións por tales funcións.

Grupo Parlamentario

- ✓ Copia dos informes ou comunicacións entre as entidades obxecto da Comisión e o Ministerio competente en materia de entidades financeiras e relacionadas ca investigación e análises da Comisión.
- ✓ Informes da Xunta de Galicia existentes ao respecto e relacionados co proceso de fusión das caixas galegas ou cos posteriores acontecementos que afecten a entidade xurdida.
- ✓ Comunicacións existentes entre á Presidencia da Xunta de Galicia e as entidades citadas, con incidencia nos procesos de fusión ou no desenvolvemento dos feitos posteriores.
- ✓ Calquera tipo de informe, expediente ou comunicación de departamentos da Xunta en Galicia en relación ao obxecto de investigación na Comisión e que non estea incluída nos apartados devanditos.
- ✓ Calquera tipo de informe, expediente ou comunicación entre as caixas de aforro preparatorios ou en relación ao seu proceso de fusión.
- ✓ Instrucións ou circulares internas das entidades obxecto da Comisión en relación á comercialización de participacións preferentes ou débeda subordinada.
- ✓ Copia de cada un dos folletos informativos en relación á comercialización de participacións preferentes ou débeda subordinada.
- ✓ Copia das autorizacións de todos os órganos competentes en relación á comercialización de participacións preferentes ou débeda subordinada.

Grupo Parlamentario

- ✓ Documentación sobre os gratificacións ou conceptos similares percibidos polo persoal empregado en relación aos obxectivos de comercialización de participacións preferentes ou débeda subordinada.
- ✓ Normativa legal existente ao efecto e a súa evolución nos últimos sete anos, tanto a nivel autonómico como estatal.
- ✓ Informes sobre a situación procesal das diversas causas xudiciais existentes en relación co obxecto da Comisión.
- ✓ Copia dos informes ou comunicacións remitidas pola Comisión Europea en relación ao plan de reestruturación presentado por Novagalicia Banco.
- ✓ Documentación existente sobre participacións preferentes e obrigas subordinadas trasladados dende a Xunta de Galicia ou dende as entidades obxecto da Comisión a órganos relacionados ca xustiza (Tribunal Superior, Fiscalía, etc.)
- ✓ Documentación sobre participacións preferentes e obrigas subordinadas entre Xunta de Galicia, entidades obxecto da Comisión, FROB, CNMV, Comisión Europea, Ministerio de Economía e Banco de España, incluídos os “non paper”.
- ✓ Copia do informe pola Asociación de Inspectores de Entidades de Crédito do Banco de España, alertando da excesiva comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas.
- ✓ Documentos do contrato por parte da entidade bancaria coa auditoría encargada da avaliación das arbitraxes, criterios da arbitraxe da mesma, así como entre empresa auditora encargada das arbitraxes - Xunta de Galicia – entidades obxecto da Comisión – FROB – CNMV - Comisión Europea - Banco de España - Ministerio de Economía.

Grupo Parlamentario

- ✓ Información da Xunta de Galicia no que se indique en relación ás participacións preferentes e obrigas subordinadas: número de persoas sometidas a arbitraje, número de persoas que presentaron solicitudes de arbitraje, contías económicas devoltas na arbitraje separadas as de participacións preferentes e obrigas subordinadas; número de persoas que permanecen sen arbitraje e sobre estas data dende a que están nesa situación, contías económicas reclamadas na súa totalidade; día no que se iniciaron as arbitrajes, número de arbitrajes diarios resoltas dende o inicio ata a actualidade, número de árbitros diarios dende o inicio da arbitraje ata a actualidade.
- ✓ Copia da contratación de servizos externos realizados dende o sector público autonómico en relación á arbitraje das participacións preferentes e obrigas subordinadas.
- ✓ Correspondencia entre o Instituto Galego de Consumo e as Alcaldías e plataformas de afectados polas participacións preferentes e obrigas subordinadas .
- ✓ Antecedentes parlamentarios relacionados, tanto a nivel autonómico como en relación ás Cortes xerais, incluíndo as comparecencias na Subcomisión no Congreso dos deputados das persoas comparecentes relacionadas co obxecto da Comisión.
- ✓ Copia dos recursos presentados pola Xunta de Galicia relativos á normativa aprobada con incidencia no proceso de fusión das caixas ou da valoración realizada no seu momento, así da documentación xurdida nestes procesos.

1.2.- Análises da documentación remitida

Se trasladará aos Grupos parlamentarios copia da documentación recibida para a súa valoración a análise.

2. FASE DE COMPARECENCIAS.

Se Solicita a presenza dos seguintes comparecentes:

2.1.- Representantes do goberno corporativo, en diversos momentos durante os últimos sete anos nas entidades financeiras Caixa Nova, Caixa Galicia, Nova Caixa Galicia e Nova Galicia Banco, así como, no seu caso, polas indemnizacións millonarias percibidas:

- José Luis Méndez
- Julio Fernández Gayoso
- Mauro Varela Pérez
- José Luis Pego Alonso
- José María Castellano
- César González- Bueno Bayer
- Gregorio Gorriarán Laza
- Óscar Rodríguez Estrada
- Francisco Javier García de Paredes Moro
- Representante(s) da Xunta de Galicia nas Comisións de control das entidades mencionadas, durante os últimos sete anos.
- Presidente das Comisións de control das entidades obxecto da Comisión, durante os últimos sete anos.

- Representantes do FROB presentes nos consellos de administración das entidades obxecto da Comisión.
- Presidente das Comisións de Retribucións das entidades obxecto da Comisión, durante os últimos sete anos.
- Resto de membros dos consellos de administración non citados anteriormente nas entidades obxecto da Comisión, durante os últimos sete anos.
- Responsable(es) da Obra Social relacionadas con Caixa Nova, Caixa Galicia e Nova Caixa Galicia durante os últimos seis anos, a través das diversas fundacións ou entidades de calquera índole constituídas ao efecto.
- Membros directivos que formaron parte no proceso de fusión por parte das caixas de aforro e non citados con anterioridade neste apartado.

2.2.- Representantes da Xunta de Galicia

- Alberto Núñez Feijoo, Presidente dende 2009 á actualidade e Vicepresidente do goberno presidido por Manuel Fraga Iribarne.
- Conselleira responsable en materia de facenda na anterior Lexislatura, Marta Fernández Currás.
- Conselleira responsable en materia de facenda actual, Elena Muñoz Fonteriz.
- Emilio Pérez Touriño, Presidente na VII Lexislatura.
- Conselleiro responsable en materia de facenda na VII Lexislatura, José Ramón Fernández Antonio

Grupo Parlamentario

- Directores xerais de Política financeira dende o ano 2000 á actualidade.
- Director xeral de consumo da Xunta de Galicia.

2.3.- Representantes do Banco de España, da CNMV e do FROB:

- Luis María Linde de Castro, Gobernador actual.
- Miguel Ángel Fernández Ordóñez, Gobernador dende 2006 a 2012.
- Jaime Caruana Lacorte, Gobernador entre os anos 2000 e 2006.
- Responsable(s) da Xefatura de inspección en relación ás entidades mencionadas obxecto da Comisión.
- Presidentes da CNMV dende o ano 2002 á actualidade.
- Presidentes do FROB.

2.4.- Representantes do Ministerio competente na materia:

- Luis de Guindos Jurado, actual ministro de Economía y Competitividad.
- Secretario(s) de Estado responsables da materia obxecto da Comisión dende o ano 2000 á actualidade.
- Elena Salgado Méndez, ex ministra de Economía y Hacienda.
- Pedro Solbes Mira, ex vicepresidente segundo do goberno e ex ministro de Economía y Hacienda.

- Rodrigo Rato, ex vicepresidente segundo do goberno e ex ministro de Economía y Hacienda.

2.5.- Persoas responsables da realización das auditorías seguintes:

- Auditoría de KPMG encargada pola Xunta de Galicia que avalou a fusión das caixas galegas.
- Auditorías anuais dos últimos sete anos e que afecten a Caixa Nova, Caixa Galicia, Nova Caixa Galicia e Nova Galicia Banco.

2.6.- En relación ás participacións preferentes e obrigas subordinadas (ademais das persoas comparecentes referidas noutros apartados):

- Representantes das plataformas e asociacións que representan ás persoas afectadas .
- Responsables internos das entidades financeiras das entidades obxecto da Comisión e que tivesen responsabilidade na comercialización de tales produtos financeiros ou no establecemento de incentivos aos directores de sucursais e traballadores.

2.7.- Outras persoas comparecentes:

- Sindicatos representativos de Nova Galicia Banco.
- Fiscal Xefe Superior de Galicia.

3.- CONSTITUCIÓN DA PONENCIA E ELABORACIÓN DA PROPOSTA DE DITAME

De acordo cas normas aprobadas, constitución dunha Ponencia para a elaboración dunha Memoria e dun proxecto de ditame para tramitar pola Comisión.

Prazo de presentación aos Grupos parlamentarios de emendas ao proxecto de ditame elaborado.

Celebración da Comisión para aprobar o ditame.

Prazo de presentación dos votos particulares ao ditame aprobado pola Comisión.

4.- APROBACIÓN POLO PLENO

O ditame da Comisión cos votos particulares no seu caso presentados, será sometido a debate e votación no Pleno da Cámara.

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2013

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/04/2013 17:48:58